


# Posibilidades da lectura dixital

## GaliciaLe // ELBE.2



**BIBLIOTECA IES XULIAN MAGARIÑOS**




# Acceso e posibilidades da lectura dixital: GaliciaLe

- Para acceder a GaliciaLe cómpre posuír o carné dunha Biblioteca pública municipal de Galicia. Podemos darnos de alta en rede ou na propia Biblioteca de Negrera, que nos proporcionará un usuario e un contrasinal.
- A plataforma pode manexarse desde calquera dispositivo electrónico (ordenador, tableta, teléfono...) e permite a libre disposición de material audiovisual en lingua galega (**Catálogo galego**) e en lingua castelá (**Catálogo en castelán**).






<https://www.galiciae.gal/>



# Acceso e posibilidades da lectura dixital: GaliciaLe



- Ao acceder ao **Catálogo en lingua galega**, ofrécesennos dúas opcións: libro electrónico e películas, xunto cunha oferta de novidades, recomendacións ou libros máis buscados.
- En Libro electrónico podemos facer procuras por Autor, Título, Ano de edición, Xénero ou Tipo de Público. Na actualidade ofrécese **1855 títulos en lingua galega, 1305 clasificados para público infantil/xuvenil e 550 para público adulto**.
- Unha vez seleccionado un título, temos dúas posibilidades de lectura: **Ler en liña** e **Descarga**. Se escollemos a primeira, teremos acceso a unha copia dixital do libro durante o tempo que dure o noso préstamo (pero teremos que ler sempre nun lugar con acceso á internet); se escollemos a segunda posibilidade, descargárase no noso dispositivo de lectura unha copia física do libro que estará dispoñible durante o tempo que dure o préstamo e que desaparecerá unha vez finalizado este (esta opción, polo tanto, permite a lectura sen acceso á internet).
- Unha vez escollida unha das dúas posibilidades, só debemos darlle a **Emprestar**.
- **E xa podemos ler!!**






# Acceso e posibilidades da lectura dixital: eBiblio

- Ao acceder ao **Catálogo en castelán**, ofrécesenos unha contorna algo diferente (pois accedemos a unha páxina web que depende do Ministerio de Cultura e Deportes) pero o funcionamento é bastante parecido.
- Para esta opción mesmo podemos descargar un acceso directo para o noso dispositivo móbil desde o GooglePlay.



# Acceso e posibilidades da lectura dixital: eBiblio

Neste catálogo hai **Libro electrónico** (11589 títulos), **Audiolibros** (1139 títulos) e **Revistas** (31 títulos). Os títulos non están só en castelán, tamén ofrece títulos en inglés, francés, portugués, italiano, catalán ou vasco. Tamén temos acceso ao **Banco de Contidos de Aula Planeta**.



The screenshot shows the eBiblio website interface. At the top, there is a navigation bar with the eBiblio logo and a search bar. Below the navigation bar, there is a sidebar with a list of categories under the heading "MATERIA". A blue arrow points to the "Revistas" category, which has 166 items. The main content area displays search results for "El jueves" and "Esquire (Spain)". Each result includes a cover image, the title, the date, and a "Prestar" button. The "El jueves" result shows 12 exemplares disponibles, and the "Esquire (Spain)" result shows 5 exemplares disponibles. The interface is clean and modern, with a white background and red accents.

Ordenar por: Adquisicións recentes ▼ Filtrar por: 0 Filtro seleccionado ▼

Mostrando 1 - 40 Resultado de 8511 en total

**El jueves - 21/9/2022**  
Xornal/Revista: El Jueves  
El Jueves, la revista que sale los miércoles, desde hace 40 años.  
Ver a ficha >

**Esquire (Spain) - 22/9/2022**  
Xornal/Revista: Esquire (Spain)  
ESQUIRE es la revista más influyente para un hombre que ya ha triunfado. Cada mes es el punto de reunión de los mejores escritores, fotógrafos, estilistas y todos los que mejor representan al hombre...  
Ver a ficha >

**MATERIA**

- Artes (122)
- Ciencia e tecnoloxía (222)
- Ciencias da terra e medio ambiente (115)
- Ciencias sociais (351)
- Desenvolvemento persoal (274)
- Ficción (4039)
- Humanidades (571)
- Infantil e xuvenil (1932)
- Lectura fácil (29)
- Língua e estudos literarios (360)
- Medicina e Saúde (34)
- Ocio e tempo libre (342)
- Ebooks (7717)**
- Audiolibros (627)**
- Revistas (166)**
- Bases de datos (1)



# Acceso e posibilidades da lectura dixital: ELBE.2

Esta aplicación para a lectura electrónica só está dispoñible para o alumnado dos centros públicos de ensinanza primaria e secundaria de Galicia.

O alumnado recibe do persoal da biblioteca escolar as claves de acceso a esta plataforma.

O acceso directo á aplicación pode facerse desde calquera dispositivo electrónico no seguinte enderezo: <https://bega-elbe2.edu.xunta.es>

Tamén é posible (como ocorre con Ebiblio) descargar do GooglePlay a aplicación de acceso directo: **bega-elbe2**



# Acceso e posibilidades da lectura dixital: ELBE.2

Ao acceder á plataforma ofrécenos unha oferta moi semellante á de GaliciaLe, agora ben, máis orientada ao ensino:


- O máis lidos nos clubs
- Para primeiras lectoras e lectores
- Para lectores e lectoras autónomos
- Para lectores e lectoras expertos
- Para ler sobre lectura e sobre bibliotecas...

Ou tamén seccións temáticas: Misterio e suspense, Amor, Fantasía, Ficción histórica ou Cinema.

Na actualidade, esta plataforma ofrece un total de **3870 libros electrónicos** (1900 en galego, 1861 en castelán, 221 en inglés, 180 en francés e 62 en portugués), 280 Podcast ou 68 audiolibros.

Ao tratarse dunha plataforma pensada para o ensino, a maioría dos títulos están orientados para o alumnado destas idades (de 3 a 18 anos).

As búsquedas son semellantes ás das outras plataformas: por Autor, Título, Idioma, Ano de edición ou Materia (Ficción, Biografía, Poesía, etc.)





# SERÁ POR LIBROS!!!!!! O CASO É QUERER LER...



Galicia LE rede de bibliotecas públicas de Galicia

A plataforma de préstamo de obras en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas

QUE É? QUE PRECISAS? COMO LER? COMO VER UNHA PELÍCULA? VIDEO DE PRESENTACIÓN CONTACTO

Catálogo galego

Catálogo en castelán

Tutorial


Se xa es socio/a dunha das bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, soamente precisas introducir o usuario e contrasinal que che facilitaron na túa biblioteca.

Se esquechiches o teu contrasinal, preme aquí

Se desexas cambiar

Se non dispés de credenciais para acceder a Galicia LE

Se aínda non tes carné ou o que téa xa non



eBiblio

Inicio Catálogo Información Guía de uso

Título, descripción (ISBN, autor, narrador, editor) Avanzada

aulaPlaneta Banco de contenidos

Banco Multimedia

Más de 200.000 elementos multimedia


Banco de Contidos Aula Planeta

O maior repositorio de recursos de contidos educativos e de consulta en castelán

Seleccións da túa biblioteca

Ver todo

Drácula El Fantasma de Canteras Romeo y Julieta El Señor de los Anillos El Señor de los Anillos: El Anillo del Poder El Señor de los Anillos: Los Dos Reinos El Señor de los Anillos: El Retorno del Rey El Señor de los Anillos: Los Anillos del Poder El Señor de los Anillos: Los Anillos del Poder El Señor de los Anillos: Los Anillos del Poder



INICIO IDENTIFICARSE

XUNTA DE GALICIA CONSELLORÍA DE EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

E-LBE.2 LECTURA DIGITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES

PLATAFORMA DE PRÉSTAMO DE CONTIDOS DIXITAIS

A plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 procura ampliar a experiencia lectora da comunidade educativa a través da lectura dixital e as posibilidades que ofrece para a mellora da competencia lectora e dos hábitos de lectura entre os máis novos.

Os máis lidos nos clubs...

VER MÁIS

El Príncipe de la Noche

Mentira - Premio Edebé Juvenil 2015

Un hijo

Invisible

Ojos de agua

Activar Windows

22 segundos

